

HIMNO GALEGO

Que din os rumorosos
na costa verdecente
ao raio transparente
do prácido luar?

Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinxido
e de benignos astros
confin dos verdes castros
e valeroso clan,

Non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono,
esperta do teu sono,
fogar de Breogán!

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso rouco son.

Mais só os iñorantes,
e ferridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das idades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán.

Pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.

Os pinos
Eduardo Pondal

Concerto das Letras Galegas 2011

“Hernán Naval
na lembranza”

14 de maio • 20:30 h.
Auditorio Hernán Naval

Por vez primeira nun concerto, e sen que sirva de precedente, hai algo máis na actuación co gallo do Día das Letras Galegas da Banda de Música Municipal de Ribadeo (BMMR) cá música. É importante que a BMMR incorpore tres obras novas ao seu repertorio, ou que a música de Prudencio Romo á que puxo voz Pucho Boedo resoe no escenario do Auditorio Municipal Hernán Naval de Ribadeo. Tamén que Toni Deaño poña voz aos versos de Os teus ollos ao son da melodía de Chané. Ou que a municipal ribadense recupere, unha vez máis, o Lonxe do Mar de Hernán Naval.

Hoxe cómpre escoitar pero sobre todo, erguer a vista do programa de man antes de que soe Lonxe do Mar e mirar aos ollos das mozas e mozos, e máis doutr@s que xa non o son tanto, que hoxe regresan aos atrás da BMMR.

Atoparán certo nerviosismo, coma se fose a súa primeira vez (cada un/unha temos o noso particular 22 de xaneiro de 1992), agarimo (o que aínda nos une por máis que pasen o tempo e medren as distancias), ledicia (por volver estar xuntos enriba dun escenario) e sobre todo ilusión porque seguramente vaian cans@s de todo menos da música.

Hernán estará vendo todo isto dende algures. Colocará os lentes cun suave movemento do dedo índice, sacará o Ducados da boca para tiralo, deixará saír o fume, botará un sorriso e dirá: graziñas por volver estar aí.

Suso López é músico da BMMR

PROGRAMA

Muiñeira dos Pendellos (*)

Juan L. Diéguez

Fantasia en Do (*)

David Fiúza

Estrasantico (*)

Simón Couceiro

- I. Alborada

- II. Cantaruxa

- III. Muiñeira

Mi tierra gallega

R. Cerato / P. Romo

Os teus ollos

Xosé Castro

Arr.: Hernán Naval

Lonxe do Mar

Hernán Naval

Director: David Ballester Martínez

(*) Primeira vez pola BMMR.